



Antonio López de Letamendi

6º Educación Primaria

Día das letras galegas 2022



FLORENCIO M. DELGADO GURRIARÁN

BIOGRAFÍA

Florencio Manuel Delgado Gurriarán naceu na aldea de Córghomo, no concello ourensán de Vilamartín de Valdeorras, o 27 de agosto de 1903. Era fillo de Florencio e Consuelo e o máis pequeno dos cinco irmáns.

Estudou primaria e bacharelato en Palencia e Valladolid, cidades ás que foi destinado seu pai, que era profesor da Escola de Peritos Agrícolas.

En Valladolid fixo a carreira de Dereito e despois exerceu como avogado no Barco de Valdeorras.

Despois da Guerra marchou a México e alí casou con Celia, filla de emigrantes galegos e coa que tivo cinco fillos.

No ano 1934 editouse o seu libro de poemas *Bebedeira*, ao que lle seguiron *Galicia infinda*, *Cantarenas* e *O soño do Guieiro*.


En México colaborou na revista *Vieiros* e no programa radiofónico *A Hora de Galicia*, que estivo en antena todos os domingos durante case vinte anos.

Faleceu en Fair Oaks, California, o 14 de maio de 1987 cando visitaba a un dos seus cinco fillos.


Foi membro da Real Academia Galega e esta dedícalle o Día das Letras de 2022 pola súa contribución á defensa do noso idioma e da nosa cultura.



A familia Delgado Gurriarán ao completo. Florencio, de pé, o primeiro á dereita.



En *Cantarenas* recóllense poemas dedicados por Florencio ao viño e á súa terra de Valdeorras.



Florencio, en Sargadelos, no ano 1981 durante a súa última visita a Galicia.

1. Completa o texto sobre a biografía da persoa homenaxeada no Día das Letras Galegas 2022.



Florencio Manuel D_____ G _____ naceu na aldea de _____, no concello ourensán de _____ de _____ o _____ de _____ de _____.

2. Como se chamaban os pais de Florencio? Cantos irmáns eran en total?

3. Verdadeiro ou falso?

- Florencio casou cunha filla de emigrantes galegos.
- Seu pai era profesor da Escola de Peritos Industriais.
- Estudou Dereito pero nunca exerceu como avogado.
- Casou en México con Celia Teixeira.
- Colaborou no programa radiofónico *A hora de Galicia*.
- Seu pai chamábase Eduardo e a súa nai Carolina.

4.- Escribe o título de dous libros de Florencio Delgado Gurriarán.



5. Por que motivo se lle dedica o Día das Letras Galegas a Florencio?

6. Estudou primaria e bacharelato en dúas cidades castelás. Cales son?

_____ e _____

7. A quen lle dedica Florencio a súa obra poética recollida en *Cantare-
nas*?

8. En que provincia está Vilamartín de Valdeorras, o concello natal de Florencio Delgado? Colorea.



9. Que editorial e en que ano editaron o poemario de Florencio Delgado *Bebedeira*? Colorea.

1961

Editorial Galaxia

Ediciós do Castro

1934

1930

Editorial Nós

10. Imos completar coa información que falta.


FLORENCIO MANUEL DELGADO GURRIARÁN

<p style="text-align: center;">1903</p> <p>_____ Florencio Manuel Delgado en _____</p>	<p style="text-align: center;">1939</p> <p>Remata a _____ e Florencio exíliase a _____</p>	<p style="text-align: center;">2022</p> <p>A _____ dedícallo o _____</p>
<p style="text-align: center;">1934</p> <p>Aos _____ anos</p>	<p style="text-align: center;">1963</p> <p>Aos _____ anos</p>	

11. No texto aparecen algúns dos lugares onde viviu Florencio Manuel Delgado en diferentes etapas da súa vida. Escribe o nome do lugar xunto á información que lle corresponde.


O nome desta provincia procede de <i>Pallantia</i> , que podería significar “gran chaira”.	
País con maior número de falantes de lingua española.	
Esta cidade, de Castela e León, é coñecida tamén polo nome de Pucela.	
Parroquia da que é natural o escritor galego Florencio Delgado Gurriarán.	
Concellos situados na comarca de Valdeorras na provincia de Ourense.	

12. Completa a ficha de Florencio Delgado. Despois fai a túa.

<p>Nome:</p> <p>Apelidos:</p> <p>Ano e lugar de nacemento:</p> <p>Número de irmáns:</p> <p>Cidade onde estudou primaria:</p> <p>Lugares onde viviu:</p>	
---	---

<p>Nome:</p> <p>Apelidos:</p> <p>Ano e lugar de nacemento:</p> <p>Número de irmáns:</p> <p>Lugar onde fas 6º EP:</p> <p>Lugares onde viviches:</p>	<div style="border: 1px solid black; height: 150px; width: 100%;"></div>
--	--

13. Moitos foron os artistas galegos que se tiveron que exiliar por mor da Guerra Civil. Atopa na sopa de letras: unha pintora surrealista; un escritor e ilustrador considerado o Pai do nacionalismo galego; unha actriz que triunfou en Francia; un pintor e ceramista que, xunto con Isaac Díaz Pardo, recuperou a antiga fábrica de Sargadelos.



Z S C A S T E L A O G X A
H D T Q V Ñ E U U C F B N
R B N F Q H D I S G T B O
M A R I A C A S A R E S X
E L U D A G F S N C R Z V
U F O H T R Q E U D S E Ñ
X G I L U Z S O E P Q B L
X H M A R U J A M A L L O
G V E S A C Z N F T X N G
Z F C Ñ B A R E S L D V H

14. Coas letras do nome e apelidos do homenaxeado no Día das Letras Galegas de 2022, cantas palabras podes formar? Engade tres definicións coas súas correspondentes palabras.

FLORENCIO MANUEL DELGADO GURRIARÁN	
<input type="checkbox"/> Parte dunha planta.	
<input type="checkbox"/> Mamífero da familia dos cérvidos.	
<input type="checkbox"/> Paxaro moi común con plumas pardas.	
<input type="checkbox"/> Substancia doce e espesa.	
<input type="checkbox"/> Anfibio de pel lisa de cor verdosa ou parda.	
<input type="checkbox"/> Aparello doméstico onde se cocen, asan ou quentan alimentos.	
<input type="checkbox"/> Masa branda que se forma ao mesturarse terra, area, follas etc., con auga.	
<input type="checkbox"/>	
<input type="checkbox"/>	
<input type="checkbox"/>	

Sede nos ermos outeiros
e nas poirentas chairas,
nos arpados nopaleiros,
sede nas enxoitas eiras.


Nas lagoas enlamadas
de arneiro xabre cinguidas.
Sede nas irtas valgadas.
Sede nas terras espidas.

Sede nas mortas aldeas,
nas congostras, nos carreiros
e nas queimantes areas
dos escoados regueiros.

Nas árbores desfolladas
que erguen, en mudo queixume,
súas ponlas estordegadas,
fogueiras a arder sen lume.

Sede o coioite ouveante,
sede a cobra pezoñenta
de axóuxere alporizante
e sede a iguana cincenta.

Os carneiros tosquiados,
o armentío famento,
os pegureiros coitados...
Sede, universal tormento!



nopaleiro: árbore semellante ao salgueiro

aira: eira, sitio chan próximo á casa

arneiro: terreo estéril e areoso

irtas: tesas, rixidas

congostras: camiño de carro estreito e profundo

estordegada: torta

armentío: rabaño de gando vacún

pegureiro: persoa que cuida o gando



Da teixa, enrugada terra,
do azul, decote a brillar,
do vento ardente que berra,
da natureza a esligar!

Os remuíños inxentes
-como blasfemias ou pregos-,
cara aos ceios incrementos
ruben, nun pulo, dos regos.

Sede en min nunca matada,
sede en min xamais dormida,
da verde Terra arelada,
a das choivas benquerida.

Bisbarra de Valdeorras.



teixa: de cor parda escura


esligar: morrer de sede

pregos: raias ou sucos

QUE SABES DE HAI SEDE NA NOVA GALICIA ?

1. Como xa sabedes o autor estivo exiliado en México, e no texto aparecen: o *coiote*, a *cobra* e a *iguana*, todos eles procedentes do país norteamericano. Sabías que México é un dos 17 países megadiversos do mundo? Alberga 200 000 especies diferentes! Conta con 733 especies de animais réptiles, 448 especies de mamíferos e 290 especies de anfibios.

Le e escribe se a descrición se corresponde co **coiote**, a **cobra** ou a **iguana**.



As descricións pódense referir a outros animais de México, como son: **Chihuahua** – **Toniña do golfo de California** – **Axolote** – **O puma**

○ Animal réptil que se alimenta de serpes pequenas e lagartos:

○ Mamífero mariño da orde dos cetáceos, parecido ao golfiño pero de menor tamaño, máis groso e co bico máis curto:

○ É o segundo maior felino do continente americano:




○ O seu nome científico «*Cani latrans*» significa can ladrador. De feito, é moito máis común oír este animal que velo:

○ É considerado o can máis pequeno do mundo:

○ Animal réptil estrictamente herbívoro que utiliza a súa cola como látego para defenderse de animais máis grandes:

○ Animal anfibio con aparencia de cágado xigante con patas e cola:

Agora, completa a táboa; escribe o nome do animal ou debuxa:

	Chihuahua [mamífero]	Cobra [réptil]
		
	Puma [mamífero]	
		

2. Na primeira estrofa aparecen diferentes tipos de terreo. Colorea cada palabra e a súa definición da mesma cor.

Sitio chan próximo á casa, feito de terra firme ou de pedra, onde se mallan os cereais, se botan a secar os legumes etc.

CHAIRA

EIRA

Pequena elevación de terreo e de pouca extensión.


Grande extensión de terreo chan.

OUTEIRO

3. Atopa na primeira estrofa o adxectivo que corresponda a cada definición.

Que ten semellanza coa forma dun arpa	
Sen cultivar	
Seca	
Que ten moito po	


4. Que che evoca a **sede**? Escribe dúas palabras debaixo de cada exemplo. Tes que respectar a clase de palabra (verbo, substantivo, adxectivo etc.)




5. O *nopaleiro* é unha árbore semellante ao salgueiro. Poderías atopar na seguinte sopa de letras outras sete árbores e escribir o seu nome? A que árbore pertence cada folla?

Z	A	B	E	L	E	I	R	A	F	X	C
G	C	B	N	H	C	D	V	A	F	Z	M
B	I	D	U	E	I	R	O	X	L	C	S
A	V	G	V	S	B	C	N	M	D	F	E
L	R	O	X	H	T	E	Q	C	P	D	Z
N	O	G	U	E	I	R	A	F	N	P	E
D	V	E	S	X	L	D	C	T	Z	B	U
R	G	N	S	P	Q	E	F	H	R	S	A
S	Q	C	A	S	T	I	Ñ	E	I	R	O
Z	E	B	M	C	A	R	B	A	L	L	O
D	V	L	F	G	R	A	N	H	X	B	C


1. _____
2. _____
3. _____
4. _____
5. _____
6. _____
7. _____



C _____




A _____




A _____

C _____




C _____



B _____



N _____



6. Resolve con sinónimos que aparecen nestas catro estrofas.


Sede nas mortas aldeas,
nas congostras, nos carreiros
e nas queimantes areas
dos escoados regueiros.



Sede o coioite ouveante,
sede a cobra pezoñenta
de axóuxere alporizante
e sede a iguana cincenta.

Nas árbores desfolladas
que erguen, en mudo queixume,
súas ponlas estordegadas,
fogueiras a arder sen lume.

Os carneiros tosquiados,
o armentío famento,
os pegueiros coitados...
Sede, universal tormento!



1. Sinónimo de **pastor**
2. Sinónimo de **fogo**
3. Sinónimo de **lamento**
4. Sinónimo de **sendeiro**
5. Sinónimo de **tortura**
6. Sinónimo de **cacharelas**
7. Sinónimo de **cascabel**

1. PEGUEIRO 2. LUME 3. QUEIXUME 4. CARREIRO 5. TORMENTO 6. FOGUEIRAS 7. AXÓUXERE

7. Como xa sabedes o autor estivo exiliado en México. Que coñeces deste país? Escribe V (verdadeiro) ou F (falso) en cada un destes enunciados. Hai tres falsos. Escríbeos correctamente.

México é un país ubicado en América do Sur.

A súa capital é Cidade de México.

É o país máis grande de América Latina.

Limita ao norte con Canadá e ou sur

con Guatemala e Belize.

En México atópase a pirámide máis grande do mundo, a Gran Pirámide de Cholula ou Tlachihualtépetl.

O estado recoñece o español como lingua nacional xunto con outras 67 linguas


indíxenas, aínda que no país se falan arredor de 290 idiomas.

Rita Kahlo foi unha recoñecida pintora e poetisa mexicana.



8. Neste poema, Florencio Delgado «*fai un percorrido polas terras secas e castigadas pola falta de auga en Jalisco, para concluír manifestando a morriña das húmidas terras galegas.*»

O poeta bota de menos a «verde Terra» e as «choivas». Ti que botarías de menos? Escribe cinco cousas e xustifica a túa resposta.



1. _____

2. _____

3. _____

4. _____

5. _____

9. México é un país grande e nel atopamos toda clase de climas que favorecen o cultivo dunha gran variedade de froitas.

Busca na rede as seguintes froitas, debúxaas, pínxaas e anota dous datos sobre elas na táboa:

	DEBUXO	DATOS
MARACUXÁ		<hr/> <hr/>
LITCHI		<hr/> <hr/>
RAMBUTÁN		<hr/> <hr/>
CARAMBOLA		<hr/> <hr/>
PITAIA		<hr/> <hr/>

10. Completa coas vogais que faltan nos sinónimos das seguintes palabras.

alporizante

	r	r		t		n	t	
--	----------	----------	--	----------	--	----------	----------	--

tosquiado

r		p		d	
----------	--	----------	--	----------	--

coitado

d		s	g	r		c			d	
----------	--	----------	----------	----------	--	----------	--	--	----------	--


arelada

	n	h		l		d	
--	----------	----------	--	----------	--	----------	--

IRRITANTE RAPADO DESGRACIADO ANHELADO

11. Busca parellas de palabras que rimen coas seguintes palabras do poema.

Ouveante/Alporizante	
Tosquiado/Coitado	
Matada/Arelada	



O sol, baril muiñeiro,
pingotas de choiva moe,
o arco da vella peneira
fariña de sete cores.

Os brancos foles das nubes,
a lombos das serras, van
cara ao muiño do ceo
para moer o seu gran.

A señora lúa,
branca muiñeira,
que anda noutra banda
coas mozas estrelas,

ao chegar a noite
de tornar se lembra
porque ten gandaia
e non quere perdela.

Os ventos, mozos do pobo,
polos agros a cantar,
terán de rubir ao ceo
pola noite a rebuldar.



pingotas: pingas grandes

manseliño: moi manso, moi tranquilo, moi suave

escoada: desangrada

gandaia: vida de troula, festa, foliada.



O sol muiñeiro,
de pan un anaco,
que moeu de día,
farto de traballo
ao van do poñente
vai asubiando,
amata o candelo
e fica deitado.

Ao vello muíño ás escuras
ruben os ventos á présa,
xunto á muiñeira lúa,
e xunto ás mozas estrelas.

A señora lúa,
chiscándolles os ollos
ás mozas estrelas
aos ventiños mozos,
arranxa as parellas,
cada un ao seu choio,
e, co máis varudo,
ponlle ao sol os cornos.



A paroleira anduriña
anda a falar polo baixo
coa brisa, vella conteira
que murmura entre os carballos.

«Unha noite no muíño
moitos din que non é ren,
mais, sabendo aproveitala,
nela móese moito e ben».

van: oco


poente: moi manso, moi
tranquilo, moi suave

amata: fire

candelo: conxunto de raios
de Sol que aparecen entre
as nubes cando esá o ceo
cuberto


varudo: forte

1. Queres saber como funcionan os muíños de auga? Mira a seguinte ligazón: <https://www.youtube.com/watch?v=81hsRovd3PI> ou pon en google «muíño do vello»




Sen mirar o orixinal completa cos nomes que faltan

canle inferno moega eixe pé trabe rodicio moa tremiñado



2. Grazas aos muíños podemos obter fariña. Saberías escribir unha receita que leve a fariña como ingrediente?



3. Se pola mañá vendín 323,39 kg. de fariña, pola tarde 219,486 kg. e pola noitiña 136,025 kg... Cantos quilogramos vendín en total?

DATOS	OPERACIÓN	RESULTADO

Se vendese 2,5 veces máis, cantos kg. vendería?

DATOS	OPERACIÓN	RESULTADO


E se vendese a metade do total?

DATOS	OPERACIÓN	RESULTADO

Vendendo a 0,62 euros o kg. de fariña, cantos euros recaudarei co total vendido?

DATOS	OPERACIÓN	RESULTADO

4. Resolve o encrucillado con palabras relacionadas cos muíños.



HORIZONTAIS

1. Saída de auga.
2. Peza do muíño consistente nunha pedra cilíndrica fixa cun furado no medio sobre a que xira a capa ou moa.
3. Peza que controla a separación entre a moa e o pé.


VERTICAIS

- A. Superficie inclinada do terreo.
- B. Extremo superior do eixe do rodicio do muíño de auga, sobre o que se sostén a capa.
- C. Leito artificial construído para conducir a auga.
- D. Peza do muíño, en forma de pirámide truncada e invertida, situada sobre a moa e onde se bota o gran para que vaia caendo á quenlla.
- E. Peza do muíño semellante a unha nora, que xira ao recibir a auga da cal, pondo en movemento a moa.

HORIZONTAIS: 1. ALIVIAOIRO 2. PÉ 3. ERGUEDOIRO
 VERTICAIS: A. RAMPÁ B. VEO C. CANLE D. MOEGA E. RODICIO

5. Existen unha serie de instrumentos que miden o tempo atmosférico. Une mediante frechas cada instrumento co que mide.

- | | |
|---------------|-------------------------------|
| TERMÓMETRO ● | ● DIRECCIÓN DO VENTO |
| CATAVENTO ● | ● CANTIDADE DE PRECIPITACIÓNS |
| BARÓMETRO ● | ● TEMPERATURA |
| ANEMÓMETRO ● | ● PRESIÓN ATMOSFÉRICA |
| PLUVIÓMETRO ● | ● VELOCIDADE DO VENTO |



6. «Os brancos foles das nubes a lombo das serras, van...»

Serras é unha palabra polisémica: nomea uns instrumentos para cortar e tamén un conxunto de montañas. Escribe o nome de catro palabras polisémicas e explica os seus significados.

PALABRA

SIGNIFICADOS

7. Falando de que unha serra é un conxunto de montañas... Cada definición dos seguintes accidentes xeográficos ten un ou varios erros. Es quen de localizalos e correxilos?

SERRA: Conxunto de outeiros.

SERRA: _____

OUTEIRO: Enorme elevación de terreo de pouca extensión.

OUTEIRO: _____

CORDILLEIRA: Serie de lagos que forman unha unidade.

CORDILLEIRA: _____

LAGOA: Extensión de auga maior cun lago e de máis profundidade.

LAGOA: _____

CANTIL: Terreo escarpado na costa e de pouca pendente.



CANTIL: _____

PENÍNSULA: Porción de terra rodeada de outeiros por todas as partes menos por tres, que a unen ao continente .

PENÍNSULA: _____



8. No poema de Florencio delgado aparece o nome dunha ave, a anduriña. Serás quen de localizar na sopa de letras os dez nomes de aves que aparecen no recadro?




- | |
|------------------|
| ANDORIÑA |
| XÍLGARO |
| ÁGUIA |
| MOUCHO |
| CURUXA |
| GAIVOTA |
| POMBA |
| COTOVÍA |
| CARRIZA |
| PASPALLÁS |

9. A palabra **mariñeiro** é derivada da palabra **mar**. Escribe dúas palabras derivadas das seguintes.

- CASA: _____ , _____
- CAMPO: _____ , _____
- BICO: _____ , _____
- VIOLÍN: _____ , _____
- NARIZ: _____ , _____
- XOIA: _____ , _____
- RELOXO: _____ , _____
- ZAPATO: _____ , _____

10. Completa o texto e o recadro.


«A palabra **VARUDO** que menciona o poema na súa oitava estrofa significa **FORTE**, logo forte é un _____ de varudo; o seu _____ é feble»



PALABRA	SINÓNIMO	ANTÓNIMO
Varudo	Forte	Feble
Valente		
	Fermoso	
		Vender
Covarde		
Cálido		
	Sinxelo	
Cume		
		Morrer
Fracaso		
	Engadir	
Triunfo		

11. A poesía fala do «astro rei», o sol. Coñeces os nomes dos planetas que forman o noso Sistema solar?

Xúpiter Urano Terra Saturno Neptuno Venus Marte Mercurio



12. Na primeira estrofa noméase o «arco da vella». Poderías explicar que é ese fenómeno e como se produce? Debúxao.
